

ANUNCIO do 15 de maio do 2024, do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica de Galicia Norte de Augas de Galicia, polo que se somete a información pública a solicitude de obras no concello de Culleredo (expediente DH.W15.99860).

En cumprimento do previsto no artigo 78 ter.2.a) do Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, faise público que se está a tramitar a seguinte solicitude de autorización/legalización de obras:

Solicitante:	Jose Antonio Fafián Boga
Dni:	***2973**
Expediente:	DH.W15.99860
Lugar:	rúa Paxariñas
Parroquia:	Culleredo (San Estevo)
Concello:	Culleredo

Descrición das obras:

As obras solicitadas consisten no peche de parcela de referencia catastral 0533906NH5903S, mediante bloques de formigón prefabricados, postes e maia metálica (tipo 1); postes e maia metálica (tipo 2).

A Documentación estará dispoñible para a súa consulta no portal de internet de Augas de Galicia (<http://augasdegalicia.xunta.gal>), na sección denominada participación pública, así coma nas oficinas deste Servizo situadas na rúa Vicente Ferrer, nº 2, 9 andar, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe, previa cita no teléfono 981182530.

Os interesados poderán presentar alegacións durante o prazo de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, en calquera dos rexistros previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

A Coruña, 15 de maio do 2024

O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica de Galicia Norte
Néstor Rodríguez Arias (Sinatura dixital)



